

**Xesús Veiga**

**Cuba: situación límite**

*no*diario, 11/06/2026.

Cuba está vivindo unha situación límite. Dende a intervención militar norteamericana en Venezuela, no pasado mes de xaneiro, eliminouse a posibilidade dun subministro continuado de petróleo para asegurar un mínimo nivel de funcionamento das centrais de produción de enerxía eléctrica e un funcionamento precario do sistema de transporte. As consecuencias desas carencias na vida diaria da poboación son moi graves: dificultades para manter un nivel de vida digno e fortes desaxustes no funcionamento dos servizos públicos básicos: sanidade, ensino e atención ás persoas dependentes.

Dende o triunfo da Revolución no ano 1959, a dinámica de desenvolvemento da sociedade cubana estivo moi condicionada por factores externos. A extraordinaria belixerancia das Administracións norteamericanas contra o novo réxime encabezado por Fidel Castro e o contexto internacional da época —coa instauración e mantemento da chamada "guerra fría"— facilitaron o aliñamento incondicional do goberno cubano coa URSS e co bloque do chamado "socialismo real". As autoridades da illa apostaron por unhas relacións que, na práctica, diminuían notabelmente a súa marxe de autonomía no deseño e na aplicación das políticas internas. Até o derrubamento da URSS no ano 1991, o goberno cubano foi capaz de asegurar un nivel de benestar social superior ao que se rexistraba nos restantes países da súa área xeográfica. Xa que logo, nesas condicións, consolidouse a lexitimación social dun sistema político que se inspiraba nun modelo de partido único que controlaba todas as institucións do Estado e que promovía un sistema económico de planificación centralizada sen espazo para unha presenza mínima do mercado na produción e distribución dos bens e servizos.

A desaparición do "amigo soviético" orixinou graves desaxustes no ámbito económico e, ao mesmo tempo, constituíu unha oportunidade para revisar autocriticamente o modelo seguido até ese momento. Os dirixentes cubanos tomaron algunhas medidas parciais para enfrontar o cambio radical rexistrado na xeopolítica internacional. Porén, optaron por regresar a unha versión do modelo anterior, aproveitando a chegada de Hugo Chávez á presidencia da República Bolivariana de Venezuela e a súa disposición a facilitar un subministro de recursos petrolíferos en condicións moi favorábeis para o goberno da Habana.

Durante os últimos anos do mandato de Barack Obama abriuse unha oportunidade descoñecida até aquel momento. Aínda que se mantiveron vixentes as vellas normativas legais utilizadas para afogar o desenvolvemento da economía cubana, o establecemento de relacións diplomáticas permitiron feitos moi novidosos: dende unha presenza significativa de turistas norteamericanos até a celebración dun simbólico concerto dos Rolling Stones na Habana pasando por unha maior flexibilización na entrada das remesas financeiras dos familiares residentes en Miami ou noutras partes do territorio USA. Desgraciadamente, as expectativas de mellora nas relacións bilaterais

non frutificaron por mor dunha dupla circunstancia: a imprevista chegada de Trump á Casa Branca e o excesivo conservadorismo das autoridades gobernamentais cubanas á hora de activar reformas no sistema establecido na illa. Visto dende hoxe, semella verosímil pensar nos efectos negativos das inercias históricas asumidas polo propio réxime: naturalizar un grande nivel de dependencia exterior -primeiro coa URSS e despois con Venezuela- sen avaliar as serias hipotecas e os riscos asociados a esa opción estratéxica.

Agora mesmo, as opcións que ficán sobre a mesa son dúas: o mantemento da lóxica continuísta do goberno que preside Díaz Canel ou o desenvolvemento dun proceso de negociación entre os dirixentes de Cuba e os de Estados Unidos.

A posibilidade dunha saída negociada coa Administración Trump está chea de incógnitas. Confírmose oficialmente a existencia de conversas entre persoas vinculadas a Marco Rubio e outras relacionadas co círculo de Raúl Castro (mesmo coa presenza física do director da CIA no diálogo realizado en territorio cubano). Poren, non hai constancia suficientemente contrastada sobre o alcance concreto dos asuntos que se están abordando neses contactos. Podería pensarse que, tal vez, o goberno norteamericano desexa repetir a "fórmula" venezolana: aceptar a continuidade da maioría da elite dirixente do PCC a cambio de concesións importantes en materia económica. En tal caso, habería dúas dificultades específicas para aplicar ese modelo: a menor entidade dos recursos produtivos autóctonos que puideran ser controlados polos amigos de Trump e a persistencia -no seo dalgúns sectores do "establishment" norteamericano- dunha pulsión vingativa polo trunfo da Revolución de 1959 contra o réxime de Batista. Estas singularidades cubanas poderían incentivar a tentación dunha intervención militar -sequera sexa parcial e temporal- no propio territorio da illa. Semellante perspectiva non se compadecería cunha lóxica medianamente racional pero a presenza dun persoeiro coma Trump non asegura a súa inviabilidade práctica.

E cal é a estratexia negociadora que están seguindo os dirixentes cubanos? Unha pregunta decisiva con poucas respostas de certeza contrastada. Están dispostos a introducir cambios significativos no sistema político para conseguir -como contrapartida- unha mellora nas deterioradas condicións de vida que está padecendo a gran maioría da poboación? Poden aceptar un tránsito gradual cara fórmulas de representación pluripartidista como as que hoxe existen -por citar algúns exemplos- en México, Brasil, Colombia ou Uruguai? Son realmente conscientes de que a indiscutíbel lexitimidade de orixe conquistada hai mais de 60 anos está ficando seriamente cuestionada polas graves dificultades para conseguir unha lexitimidade no exercicio do poder ante a propia sociedade?

Sería desexábel que uns e outros fosen quen de atopar un punto de encontro que permita albiscar un vieiro de saída a esta situación límite. Está en xogo a consecución dun benestar básico para millóns de homes e de mulleres que hoxe están sufrindo intensamente naquela terra tan vinculada á nosa propia historia.